

## MedDB 2.0

### BASE DE DATOS DA LÍRICA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA

A *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)* ten a súa orixe na publicación da *Lírica Profana Galego-Portuguesa (LGPG)* polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades no ano 1996. En dous volumes, ofrecíase a totalidade da nosa produción trobadoresca medieval, acompañada de información biográfica e bibliográfica, así como da análise retórica de cada cantiga. A publicación enmarcábase dentro do (sub)proxecto *Lírica galego-portuguesa*, dirixido por Mercedes Brea e integrado no proxecto *Arquivo Galicia Medieval*. Unha das diferenzas máis notábeis da **MedDB** con respecto a *LGPG* radica en que non contén información bibliográfica nin dos trobadores nin das cantigas. Esta información é ofrecida pola *Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa (BiRMED)*, á que se pode acceder dende a páxina do CRPIH ([www.cirp.es](http://www.cirp.es)).

**MedDB** é un recurso electrónico destinado aos estudosos da lírica medieval. A súa finalidade principal consiste en pór a disposición do usuario unha información seleccionada e estruturada que avale a efectividade das buscas. Esta segunda versión actualiza a primeira (en funcionamento dende o ano 1998), substituindo algunhas edicións das cantigas por outras novas que se publicaron desde o ano 1996 e se consideraron máis fiábeis que as que foran seleccionadas orixinariamente. Permite a realización de buscas por características e trobador, como xa se podía facer na primeira versión, e engade a posibilidade de efectuar buscas por estrofas e por verso. Tamén posibilita a organización dos resultados das buscas nos catro niveis mencionados anteriormente. Debe salientarse a inclusión, inédita até agora, dun completo *corpus* das imaxes, en alta resolución e calidade, de todos os manuscritos orixinais conservados, que posibilita un coñecemento moito máis profundo e certo dos textos consultados, non só no ámbito investigador, senón tamén no divulgativo.

Este traballo xurdiu da colaboración do Equipo Informático (integrado por Fernando Magán Muñoz e J. Carlos Sánchez Rivas) e dos bolseiros da Sección Medieval do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Carlos Cordeiro Moledo, Antonio Augusto Domínguez Carregal, Antonio Fernández Guiadanes, Déborah González Martínez, Marta López Macías, Fernando Magán Abelleira, Marina Meléndez Cabo, Alexandre

Gaiferos Parrado Freire, Gerardo Pérez Barcala, Ignacio Rodiño Caramés, María del Carmen Rodríguez Castaño, Xosé Xavier Ron Fernández, M<sup>a</sup> Carmen Vázquez Pacho e Isabel Vega Vázquez), todos eles coordinados pola Prof. Mercedes Brea.

Preséntase, a continuación, a documentación necesaria para coñecer o contido e estruturación da base de datos MedDB, así como as pautas para a súa utilización de maneira correcta e eficaz. Debe terse presente que MedDB é unha ferramenta de traballo que pretende proporcionar información áxil aos investigadores da lírica galego-portuguesa, polo que non cabe esperar que ofrezca propostas ou solucións definitivas aos múltiples problemas que están aínda a debate; neste senso, as táboas que se presentan nalgúns campos teñen unicamente un carácter convencional, provisorio ou orientativo, e o equipo responsable do proxecto está aberto a cantas suxerencias de mellora lles cheguen dos expertos na materia. Neste senso, recordamos que a MedDB todavía está en proceso de construción e análise, esperando que para finais deste ano (ou para principios do ano 2008) a base de datos esté xa operativa.

## **1. DESCRICIÓN DE MedDB.**

MedDB é unha base de datos que contén o corpus completo das cantigas medievas dos trobadores galego-portugueses, acompañado de información detallada tanto das composicións como dos aspectos histórico-biográficos dos trobadores. Ao lado das indicacións indispensábeis relacionadas co nome e o número do trobador ou o *incipit* e o número da cantiga, encóntranse precisións sobre a forma (modalidade compositiva, relacións interestróficas, recursos retóricos, esquema rítmico, esquema métrico, número de esquema), o contido (categoría xenérica), a ubicación dos textos nas fontes manuscritas (manuscritos e rúbricas explicativas) ou a relación de edicións publicadas (críticas, diplomáticas, divulgativas, facsimilares, interpretativas, paleográficas e semidiplomáticas) de cada cantiga, así como os datos relacionados coa orixe, a condición social e o período de actividade poética dos autores.

## **2. ESTRUTURA DE MedDB.**

A base de datos consta de catro táboas: a das cantigas, a das estrofas, a dos versos e a dos trobadores.

1. A táboa das cantigas inclúe, ademais do corpus completo das cantigas galego-portuguesas medievais, toda unha serie de informacións relativas a cada cantiga (o número da cantiga, a súa situación nos manuscritos, a autoría...) precisada en diferentes seccións. Na táboa das cantigas a relación completa dos rexistros é a seguinte:

- 1691 rexistros que recollen a información completa de cada cantiga.
- 30 rexistros que completan a dobre autoría das tensós.
- 85 rexistros que completan a dobre atribución na autoría da cantiga. Nestes casos, os campos incluídos nos rexistros son o nome do trobador e o número da cantiga e do trobador.

2. A táboa das estrofas recolle información relativa ás estrofas da cantiga (tipo de estrofa, número total de versos, número de esquema, esquema métrico, esquema rítmico). Na táboa das estrofas atopamos 5925 rexistros que recollen a información completa de cada estrofa da cantiga.

3. A táboa dos versos presenta información relativa aos versos da cantiga (número de verso, número de sílabas, se presenta ou non refrán, rima, palabra rima). Na táboa dos versos temos 34231 rexistros que recollen a información completa de cada verso da cantiga.

4. A táboa dos trobadores recolle o estudo biográfico dos trobadores. Na táboa dos trobadores atopamos 155 rexistros que recollen a biografía completa dos trobadores identificados; máis un rexistro para a autoría anónima.

### **2.1. Táboa das cantigas.**

Esta táboa, ademais de ofrecer o texto da totalidade das cantigas, recolle nas súas diferentes seccións información precisa sobre cada unha delas. Cada cantiga correspóndese cun rexistro, se ben hai máis rexistros que cantigas, debido, como vimos de analizar, aos casos de tensós e de dobres atribucións.

Descríbense a continuación as seccións:

a) TEXTO CANTIGA:

Esta sección contén o texto completo da cantiga co refrán destacado en cursiva e, se é o caso, as palabras de busca marcadas.

b) CANTIGA:

Esta sección ofrece información completa das características da cantiga:

- Número cantiga.

A numeración das cantigas está tomada, na maioría dos casos, da *LPGP*, que á súa vez segue, con leves diferencias, o “Índice bibliográfico dei poeti e dei testi anonimi” do *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* (en adiante, *RM*), publicado polo Prof. Giuseppe Tavani en 1967. Como é sabido, o estudoso italiano numerou tanto os trobadores coma, en cada un deles, a súa produción poética seguindo o criterio de ordenación alfabética, de maneira que, por exemplo, na cantiga 156,1 (*Faz-m’ agora por ssy morrer*), a primeira cifra corresponde ao trobador (Vidal, o famoso xudeu de Elvas) e a segunda indica que o seu incipit é, alfabeticamente, o primeiro da súa produción poética.

Débense ter en conta os problemas derivados dos casos das atribucións dubidasas e das dobres atribucións, que deron lugar á adopción de decisións, con respecto a unha serie de casos, que poden alterar tanto o sistema de codificación numérico de Tavani como o xa adaptado para a *LPGP*.

Nos casos das atribucións dubidasas temos catro casos excepcionais: a) a cantiga 71,4 de *LPGP*, considerada por boa parte da crítica da autoría de Johan Lobeira, pasa a ser considerada de autoría anónima, 157,61<sup>bis</sup>; b) a cantiga 145,1 de *LPGP*, considerada da autoría de Roi Martinz do Casal, pasa a ser incluída entre as anónimas, por ser espúrea e tratarse dunha interpolación tardía, 157,6; c) do mesmo xeito, as cantigas 97,25 e 97,33 atribuídas a Martin Soarez, pasan a ser consideradas de autoría anónima: 157,34<sup>bis</sup> e 157,43<sup>bis</sup>, respectivamente.

Os casos de dobres atribucións presentan, na base de datos, dobre numeración, coa excepción da cantiga 30,18, considerada por boa parte da crítica da autoría de Estevan da Guarda. Sen embargo, é atribuída, tamén, a Afonso IV de Portugal na *Tavola Colocciana*. Ao non ser Afonso IV un trobador, a cantiga aparecerá presentada co término NA (non aplicable).

Outro caso excepcional o representan as seguintes cantigas anónimas: 157,1; 157,12; 157,15; 157,31; 157,37; 157,46; 157,56; 157,57; 157,61; 157,62. Estas cantigas foron consideradas de autoría anónima. Sen embargo, Resende de Oliveira considera que pertencen á autoría de Vasco Perez Pardal, xa que todas elas corresponden á serie A 267-276, iniciada polo espazo para a miniatura XXII, nos fols. 74-77r. Polo tanto, estas cantigas pasan a ser consideradas da autoría de Vasco Perez Pardal e, deste xeito, cambian a súa numeración pola seguinte: a 157,1 pasa a ser a 154,1<sup>a</sup>; a 157,12 pasa a ser a 154,5<sup>bis</sup>; a 157,15 pasa a ser a 154,5<sup>ter</sup>; a 157,31 pasa a ser considerada a 154,5<sup>qua</sup>; a 157,37 pasa a ser a 154,7<sup>bis</sup>; a 157,46 pasa a ser a 154,9<sup>bis</sup>; a 157,56 pasa a ser considerada a 154,12<sup>bis</sup>; a 157,57 pasa a ser a 154,12<sup>ter</sup>; a 157,61 pasa a ser a 154,12<sup>qua</sup>; a 157,62 pasa a ser considerada a 154,12<sup>qui</sup>.

Na base de datos, este código numérico identifica a cantiga (IDE) e admite un total de nove caracteres, nunha estrutura do tipo TTTCCEEE:

- Os tres primeiros díxitos (TTT) indican o número do trobador, enchendo os ceros á esquerda que sexan necesarios.
- Os tres seguintes (CCC) corresponden ó número de cantiga, tamén cos ceros á esquerda pertinentes.
- Os tres últimos caracteres (EEE) son ocasionais e recollen os casos específicos marcados cos adverbios numerais latinos bis ou ter, que responden ás modificacións numéricas que, como se recordará, acolleu *LPGP* (1996) con respecto ao *RM*.

Por último, téñase en conta un caso excepcional: en *LPGP*: a cantiga 17,1 do *RM* pasou a ser, por esixencias alfabéticas, a 44,1<sup>a</sup> (na base de datos, 044001a).

- Incipit.

Este campo recolle o primeiro verso da cantiga.

- Número estrofas.

Este campo recolle o número total de estrofas que compoñen a cantiga.

- Outras linguas.

O campo ofrece información relativa á lingua na que está composta a cantiga, isto é, se a cantiga está escrita total ou parcialmente noutra lingua diferente ao galego-portugués (SI) ou se a cantiga está escrita totalmente en galego-portugués (NON).

- De seguir.

Neste campo indícase se a cantiga é de seguir (SI) ou non (NON).

- Tipo de cantiga.

Indícase se a cantiga é de refrán ou de mestría, é dicir, se posúe estribillo ou carece del. Tamén se contempla a posibilidade de que o refrán sexa intercalar, isto é, se algún ou a totalidade dos versos están insertos no corpo da cobra. Tamén existe a posibilidade (por conter unha soa estrofa, por exemplo) de que a cantiga non presente ningunha das opcións anteriormente sinaladas; neste caso, empregárase a abreviatura NA (non aplicable). A seguinte táboa recolle as opcións sinaladas:

Refrán	Cantiga de refrán
Mestría	Cantiga de mestría
Intercalar	Cantiga de refrán intercalar
NA	Non aplicable

- Categoría.

Este campo recolle información acerca do xénero, subxénero e outras caracterizacións das cantigas. Na seguinte táboa recóllese unha relación de todos os tipos

posibles (que distingue convencionalmente entre “xéneros” e “modalidades xenéricas” só co obxectivo de facilitar as buscas), xunto coas respectivas abreviaturas empregadas:

Xénero		Modalidade xenérica	
A	amor		
CA	canción de amor	B	cantiga de bailada
CE	cantiga encomiástica	CEP	cantiga epigramática
CM	cantiga moral	MA	motivo da alba
CX	cobras xocosas	MAR	mariña
D	cantiga dialogada	MC	motivo do comjat
DE	descordo	MCCC	motivo da chanson de change, motivo da mala cansó e motivo do comjat
E	escarnio	MCH	motivo da chanson de change
EA	escarnio de amor	MCM	motivo da cantiga moral
EL	escarnio literario	MM	malmaridada
EM	escarnio de amigo	MMC	motivo da mala cansó
EMO	escarnio moral	MP	motivo da pastorela
EP	escarnio persoal	MPR	motivo do pranto
EPM	escarnio político-moral	MR	motivo da cantiga de romaría
EPO	escarnio político	MSC	motivo do escondit
ES	escarnio social	MX	malmonxada
L	lai	P	pastorela
LM	lauda mariana	R	romaría
M	amigo	SC	escondit
PAR	partimen	TE	cantiga de tear
PG	pregunta		
PR	pranto		
T	Tensó		
NA	non aplicable		

- Edición seguida.

Especificase a edición seguida da que se tomou o texto, respectando as abreviaturas empregadas en *LPGP*. A referencia completa das edicións pode consultarse en *BiRMED*.

- Número.

Especificase o número asignado á cantiga na correspondente edición empregada.

c) AUTORÍA:

Neste campo identifícase o nome do trobador, autor da cantiga, a través da abreviatura do seu nome, entre paréntese, e o nome completo. Inclúense tamén as dobres autorías no caso das cantigas dialogadas e as dobres atribucións. Tamén se contempla a posibilidade de acompañar esta información cunha nota opcional acerca do autor, en forma de enlace que abrirá unha ventá nova.

d) MANUSCRITOS:

Esta sección dá conta da relación de referencias aos manuscritos que inclúen a cantiga, indicando o número do folio, o número da cantiga no manuscrito, se inclúe (SI) ou non (NON) notación musical, se presenta espazo (SI) ou non (NON) para a notación musical, máis un enlace que abre unha nova ventá onde se pode ver a imaxe dixitalizada do folio.

As siglas empregadas para os manuscritos son as seguintes:

- A Cancioneiro da Ajuda (na Biblioteca do palacio da Ajuda)
- B Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, cod. 10991 (antigo Colocci Brancuti)
- V Cancioneiro da Biblioteca Vaticana, cod. Vat. Lat. 4803
- D Pergamino Sharrer (no Arquivo Nacional da Torre do Tombo, Lisboa)
- N Pergamiño Vindel (na Pierpont Morgan Library, New York)
- M Fol. 25r do volume misceláneo MS 9249 da Biblioteca Nacional de Madrid (009014, tensó entre Afonso Sánchez e Vasco Martinz de Resende)
- P pp. 9-11 do volume misceláneo MS 419 da Biblioteca Pública Municipal do Porto (009014, tensó entre Afonso Sánchez e Vasco Martinz de Resende)



O máis frecuente é que unha mesma cantiga figure en varios manuscritos, feito que aparecerá recollido na sección.

#### e) FORMAS DE RELACIÓN INTERESTRÓFICA:

Nesta sección especificase qué tipo de relación –única para cada cantiga- se establece entre as cobras segundo a distribución das rimas. As diversas posibilidades están codificadas de acordo coas seguintes abreviaturas:

c. sing.	Cobras singulares
c. unis.	Cobras unisonantes
c. doblas	Cobras doblas
c. alt.	Cobras alternas
c. ternas	Cobras ternas
c. unis. e sing.	Cobras unisonantes e singulares
c. sing. e unis.	Cobras singulares e unisonantes
NA	Non aplicable

Ao lado destas posibilidades pode aparecer unha nota opcional que aclara algún aspecto acerca do tipo de relación interestrófica indicado na sección. A nota opcional o fará en forma de enlace que abrirá unha nova ventá.

#### f) TEMAS:

Nesta sección especificase qué tipo de temática presenta a cantiga. A información ofrecida recolle tanto o tema da cantiga como os motivos ou subtemas. As diversas posibilidades están codificadas de acordo coas seguintes abreviaturas:

Temas			
ABS	os abusos de poder		
AMA	as amas e tecedeiras	<b>Subtemas</b>	
AO	amor de oídas	BG	burgueses
AVA	a avaricia e a mezquindade	CA	cabaleiros
BT	o ben trobar	CL	clero
CAS	o casamento	IN	infanzóns
CEG	a cegueira	MC	mercaderes
COI	a coita de amor	MT	mestres
COR	correspondencia	MX	mouros e xudeus
COV	a covardía	NB	nobres
CS	o cambio de <i>senhor</i>	P	r. de amor con incidencia paródica
CSX	os comportamentos sexuais	RE	reis
DA	a declaración de amor	RI	ricomes

DES	desmesura	S	soldadeiras
DF	os defectos físicos	XT	xograres e trobadores
EN	o encontro dos namorados		
ENC	encomio		
ENG	o roubo e o engano		
ENM	enmudecemento		
ENS	ensandecemento		
FAL	a falsidade		
IND	a indiferenza		
INH	a inhospitalidade		
INS	o desprezo do mundo presente		
IPR	a incompetencia profesional		
LED	ledicia		
LS	a ledicia polo servizo amoroso		
MA	a morte de amor		
MES	a medida		
OR	os obstáculos da relación amorosa		
PA	a partida		
PAV	o pavor		
PER	o perdón		
POB	a pobreza e a miseria		
PR	o pranto		
PS	perda do sono		
SA	o segredo de amor		
SN	a separación dos namorados		
SNH	a <i>sanha</i>		
ST	a sinceridade do trobar		
SUP	as supersticións		
TRA	a traizón		
TRI	a tristeza		
UBI	á procura do amor e da verdade		
VIN	a vinganza		
VIX	a viaxe a ultramar		

g) EDICIÓNS ANTERIORES:

Nesta sección especificanse as edicións anteriores que recollen a cantiga, con respecto a edición seguida para establecer o texto e especificada no campo “edición seguida”, xa comentado. De tal xeito que se dá conta das edicións publicadas de cada

cantiga: críticas, diplomáticas, divulgativas, facsimilares, interpretativas, paleográficas e semidiplomáticas.

## **2.2. Táboa das estrofas.**

Esta táboa recolle información concreta das estrofas de cada unha das 1691 cantigas galego-portuguesas. Cada estrofa correspóndese cun rexistro.

Descríbense a continuación as seccións correspondentes:

### **a) TEXTO CANTIGA:**

Esta sección contén o texto completo da cantiga co refrán destacado en cursiva. Nesta sección, a estrofa da cantiga consultada aparece marcada en cor verde para diferenciala do resto das estrofas da cantiga.

### **b) CANTIGA:**

Esta sección ofrece información completa das características da cantiga: o número da cantiga, o incipit, o número de estrofas, a categoría, o tipo, a edición seguida da que se tomou o texto e o número designado á cantiga na corresponde edición.

### **c) ESTROFA:**

Esta sección ofrece unha información completa das características da estrofa da cantiga:

- Primer verso.

Este campo recolle o primeiro verso da estrofa.

- Número estrofa.

Este campo recolle o número de estrofa da cantiga que se está a analizar.

- Tipo.

Neste campo sinalase o tipo de estrofa da cantiga: estrofa, fiinda, refrán inicial, trístico inicial, hexástico inicial, dístico inicial ou tetrástico inicial. A seguinte táboa recolle as opcións sinaladas:

ESTROFA	estrofa
FIINDA	fiinda
REFINI	Refrán inicial
TRISINI	Trístico inicial
EXAINI	Hexástico inicial
DISINI	Dístico inicial
TEINI	Tetrástico inicial

- Total versos.

O campo recolle o número total de versos que compoñen a estrofa da cantiga.

- Número esquema.

Neste campo nunca aparece máis dun número de esquema, que se corresponde sempre co do *RM* do Prof. Tavani. No suposto de que non coincidan, o campo queda en branco.

- Esquema rítmico.

Este campo explicita a distribución de rimas da estrofa. No caso de que unha mesma cantiga presente diferentes distribucións de rimas, só se ofrece un esquema. Os versos de refrán van indicados en maiúscula.

- Esquema métrico.

Este campo informa sobre o esquema métrico da estrofa. Distínguese entre rimas masculinas ou agudas, e femininas ou graves (p. ex., 9' indica que se trata dun verso eneasílabo grave, fronte a 9, que sinala o eneasílabo agudo).

As seguintes seccións son as mesmas que aparecen na táboa das cantigas, que xa foron comentadas:

AUTORÍA

MANUSCRITOS

FORMAS DE RELACIÓN INTERESTRÓFICA

TEMAS

EDICIÓNS ANTERIORES

### **2.3. Táboa dos versos.**

Esta táboa recolle información concreta dos versos de cada unha das 1691 cantigas galego-portuguesas. Cada verso correspóndese cun rexistro.

Descríbense a continuación as seccións correspondentes:

#### **a) TEXTO CANTIGA:**

Esta sección contén o texto completo da cantiga co refrán destacado en cursiva. Nesta sección, o verso da cantiga consultado aparece marcado en cor verde para diferenciarlo do resto dos versos da cantiga.

#### **b) CANTIGA:**

Esta sección ofrece información completa das características da cantiga: o número da cantiga, o incipit, o número de estrofas, a categoría, o tipo, a edición seguida da que se tomou o texto e o número designado á cantiga na corresponde edición.

c) ESTROFA:

Esta sección ofrece información completa das características da estrofa da cantiga na que se inserta o verso analizado: o número da estrofa da cantiga na que se inserta o verso, o tipo de estrofa, o número de versos, o número de esquema, o esquema rítmico e o esquema métrico.

d) VERSO:

Esta sección ofrece información completa das características do verso analizado:

- Verso.

Este campo presenta o verso que se está a analizar.

- Número de verso.

O campo sinala o número do verso dentro da estrofa na que se inserta.

- Número de sílabas.

Este campo recolle o número de sílabas do verso analizado.

- Refrán.

Neste campo ofrécese información relativa á posición do verso na estrofa, isto é, si o verso forma parte do Refrán da cantiga (no caso de que a cantiga presente refrán) (Si), ou non (Non).

- Rima.

Este campo informa sobre os elementos que configuran a rima do verso.

- Palabra rima.

No caso de que a palabra rimante desempeñe na cantiga a función de *palabra rima*, vai destacada como tal.

As seguintes seccións son as mesmas que aparecen na táboa das cantigas e na táboa das estrofas, que xa foron comentadas:

AUTORÍA

MANUSCRITOS

FORMAS DE RELACIÓN INTERESTRÓFICA

TEMAS

EDICIÓN ANTERIORES

#### **2.4. Táboa dos trobadores**

A táboa recolle información concreta das biografías dos 155 trobadores con produción conservada nos diferentes cancioneiros que constitúen a tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa.

O criterio de selección da información proporcionada foi o da recorrencia e efectividade. Procuráronse os elementos que aparecen con seguridade en tódalas biografías. Este criterio da recorrencia garante a efectividade da busca.

Descríbense a continuación as seccións correspondentes:

a) TROBADOR:

-Número trobador.

O trobador identifícase por medio dun número de tres díxitos (de 1 a 156), nunha orde alfabética ascendente de A (Abril Perez, nº 1) a V (Vidal, judeu d' Elvas, nº 156). O número 157 representa aos autores anónimos dos cancioneiros. Procedeuse a neutralizar os valores dos campos para evitar que a busca aportase datos que non se axusten á realidade.



A numeración seguida é a de *LPGP*, que a súa vez é unha adopción, con algunhas modificacións froito dos avances da crítica especializada, do sistema establecido por Giuseppe Tavani en *RM*. As modificacións correspondentes xa foron sinaladas no apartado “Número cantiga”, dentro do apartado da Táboa das cantigas.

Hai que engadir que, no caso concreto do trobador Roi Fernandiz, dous son os números que o identifican: o 142 e o 143 (que, no *RM*, remitían a dous autores diferenciados). A información inclúese no nº 142, constando no nº 143 unha remisión a ese número.

- Nome abreviado.

Neste campo aparece o nome abreviado do trobador. As diversas posibilidades están codificadas de acordo coas seguintes abreviaturas:

<b>Autores</b>	
AbPrz	Abril Perez
AfEaCot	Afons' Eanes do Coton
AfFdzCob	Afonso Fernandez Cebolhilha
AfFdzCub	Afonso Fernandez Cubel
AfGmz	Afonso (Alvaro?) Gomez, jograr de Sarria
AfLpzBay	Afonso Lopez de Baian
AfMdzBest	Afonso Mendez de Besteiros
AfPaez	Afonso Paez de Braga
AfSchz	Afonso Sanchez
AfSrzsSam	Afonso Soares Sarraça (Sança)
AyCarp	Airas Carpancho (Corpancho)
AyEng	Airas Engeitado
AyMnz	Airas Moniz d' Asme
AyNz	Airas Nunez
AyPaez	Airas Paez, jograr
AyPrzVuyt	Airas Perez Vuitoron
AyVeaz	Airas Veaz
Alf X	Alfonso X o Sabio
Alf XI	Alfonso XI
AlvAf	Alvaro Afonso
Arn	Arnaldo (Arnaut Catalan?)
BernBon	Bernal de Bonaval
BonGen	Bonifaci Calvo (Bonifaz de Genua)

Cald	Caldeiron
Den	Don Denis
DieGvz	Diogo Gonçalvez de Montemor-o-Novo
DieMnz	Diego Moniz
DiePez	Diego Pezelho
EstCoe	Estevan Coelho
EstGuar	Estevan da Guarda
EstFai	Estevan Faian
EstFdzBarr	Estevan Fernandiz Barreto (Barreiro)
EstFdzElv	Estevan Fernandiz d' Elvas
EstPrzFroy	Estevan Perez Froian
EstReim	Estevan Reimondo
EstTrav	Estevan Travanca
FerEa	Fernand' Eanes
FerEsq	Fernand' Esquio
FerLa	Fernan do Lago
FerFdzCog	Fernan Fernandez Cogominho
FerFigLem	Fernan Figueira (Figueiró) de Lemos
FerFroy	Fernan Froiaz
FerGarEsg	Fernan Garcia Esgaravunha
FerGvzSeav	Fernan Gonçalvez de Seabra
FerPad	Fernan Padron
FerPaezTal	Fernan Paez de Talamancos (Tamalancos)
FerRdzCalh	Fernan Rodriguez de Calheiros
FerRdzRed	Fernan Rodriguez Redondo
FerSrzQuinh	Fernan Soarez de Quinhones
FerVelho	Fernan Velho
GalFdz	Galisteu Fernandiz
GarMrz	Garcia Martinz
GarMdzEi	Garcia Mendiz d' Eixo
GarPrz	Garcia Perez
GarSrz	Garcia Soarez
GilPrzCo	Gil Perez Conde
GilSchz	Gil Sanchez
Golp	Golparro
GmzGar	Gomez Garcia, abade de Valadolide
GonçEaVi	Gonçal' Eanes do Vinhal
GonçGar	Gonçalo Garcia
Johan	Johan, jograr morador en León
JAY	Johan Airas, burgué de Santiago
JBav	Johan Baveca
JCan	Johan de Cangas
JGaya	Johan de Gaia, escudeiro

JReq	Johan de Requeixo
JFdzArd	Johan Fernandez d' Ardeleiro
JGar	Johan Garcia, sobrinho de Nun' Eanes
JGarGlh	Johan Garcia de Guilhade
JLob	Johan Lobeira
JLpzUlh	Johan Lopez de Ulhoa
JMdzBrit	Johan Mendiz de Briteiros
JNzCam	Johan Nunez Camanez
JPrzAv	Johan Perez d' Aboim
JRom	Johan Romeu de Lugo
JServ	Johan Servando
JSrzSom	Johan Soarez Somesso
JSrzCoe	Johan Soarez Coelho
JSrzPav	Johan Soarez de Pávia
JVqzTal	Johan Vasquiz de Talaveira
JVelho	Johan Vello de Pedrogaez
JZor	Johan Zorro
Josep	Josep
JuBols	Juião Bolseiro
Lopo	Lopo, jogral
LoLias	Lopo Liáns (Lias)
Lour	Lourenço, jogral
MartEaMar	Martin Anes Marinho
MartCamp	Martin Campina
MartCod	Martin Codax
MartCal	Martin de Caldas
MartGi	Martin de Ginzo
MartMo	Martin Moxa
MartPadr	Martin de Padrozelos (Pedrozelos)
MartPrzAl	Martin Perez Alvin
MartSrz	Martin Soarez
Mend	Mendinho
MenPaez	Men Paez
MenRdzBre	Men Rodriguez de Briteiros
MenRdzTen	Men Rodriguez Tenoiro
MenVzqFo	Men Vasquez de Folhente (Folhete)
MonFdzMir	Nuno (Monio) Fernandez de Mirapeixe
NunEaCer	Nun' Eanes CÊrzo
Nunes	Nunes
NuFdzTor	Nuno Fernandez (Torneol?)
NuPrzSan	Nuno Perez Sandeu
NuPor	Nuno Porco
NuRdzCan	Nuno Rodriguez de Candarei

NuTrz	Nuno Treez
OsEa	Osoir' Anes
PaeCal	Pae Calvo
PaeCan	Pae de Cana (Pai da Cana)
PayGmzCha	Pai Gomez Charinho
PaySrztav	Pai Soarez de Taveirós
PAmigo	Pedr' Amigo de Sevilha
PEaSol	Pedr' Eanes Solaz
PPort	Pedro de Portugal, Conde de Barcelos
PEaMar	Per' Eanes Marinho
PPon	Pero da Ponte
PArm	Pero d' Armea
PBard	Pero de Bardia (Berdia)
PVeer	Pero de Veer (Ver)
POrn	Pero d' Ornelas
PGarBu	Pero Garcia Burgalês
PGarAm	Pero Garcia d' Ambroa
PGmzBarr	Pero Gomez Barroso
PGvzPor	Pero Gonçalvez de Portocarreiro
PGtrz	Pero Goterrez, cavaleiro
PLar	Pero Larouco
PMaf	Pero Mafaldo
PMrz	Pero Martinz
PMdzFon	Pero Mendiz da Fonseca
PMeõ	Pero Meogo (MÊogo, MÔogo)
PVelho	Pero Velho de Taveirós
PViv	Pero Viviaez
Picandon	Picandon
ReimGvz	Reimon Gonçalvez
RodEaAl	Rodrigu' Eanes d' Alvares
RodEaVas	Rodrigu' Eanes de Vasconcelos
RodEaRed	Rodrigu' Eanes Redondo
RoyFdz	Roi Fernandiz, clérigo de Santiago
RoyGmzBret	Roi Gomez de Briteiros
RoyMrzCa	Roi Martinz do Casal
RoyMrzUl	Roi Martinz d' Ulveira
RoyPaezRib	Roi Paez de Ribela
RoyQuey	Roi Queimado
RuiGmz	Roi Gomez, o Freire
SaSchz	Sancho Sanchez, clérigo
VaFdzSend	Vasco Fernandez Praga de Sandin
VaGil	Vasco Gil
VaMrzRes	Vasco Martinz de Resende

VaPrzPar	Vasco Perez Pardal
VaRdzCal	Vasco Rodriguez de Calvelo
Vidal	Vidal, judeu d' Elvas
anonimi	Anónimo

- Nome.

Neste campo aparece o nome co que é coñecido o autor nos cancioneros. Perante a proliferación de grafías para representalo, optouse por reproducir o sistema máis convencional (o recollido na táboa que figura arriba), de aí que non existan, salvo raras excepcións, vacilacións gráficas. As buscas han de ter en conta esta perspectiva.

Así, se se trata dun trobador do que aínda non se estableceu a forma correcta do seu nome, primeiro dáse a ortografía que se pensa máis correcta, e entre parénteses reflíctense as restantes opcións, como por exemplo, Airas Carpancho (Corpancho).

- Orixe.

Consígnase aquí a zona da que se pensa que é orixinario o trobador. O atributo é sempre un xentilicio: ARAGONESA, CASTELÁ, GALEGA, LEONESA, OCCITANA, PORTUGUESA, PROVENZAL, SEVILLANA ou XENOVESA.

- Fiabilidade.

Especificase neste campo a natureza da orixe facilitada no campo anterior. Tres son as posibilidades que se ofrecen: coñecida, dubidosa e probable.

- Condición social.

A condición social é definida por medio de seis palabras clave: burgués, cabaleiro, clérigo, escudeiro, indeterminada e nobre. Cando a condición social non é coñecida, aparece sempre o termo neutro “indeterminada”, que alude, sobre todo, aos autores que teñen unha condición poética de xogar.

- Actividade desde.

Neste campo dáse un referente cronolóxico de catro díxitos (XXXX) –un ano- como marca aproximada do inicio da actividade poético-musical do autor.

- (Actividade) ata.

O campo anterior complementábase con este, onde se rexistra por medio doutro número de catro díxitos (XXXX) o ano que constitúe o límite final para a actividade poético-musical do autor.

- Período.

Neste campo ofrécese, de novo, un referente cronolóxico, complementando aos dous campos anteriores, pois presenta o período cronolóxico no que se encadra a actividade poético-musical do trovador. Establécense cinco períodos cronolóxicos, recollidos na seguinte táboa:

1	1170 – 1220
2	1220 - 1240
3	1240 - 1300
4	1300 - 1350
5	1350 - 1480

#### b) BIOGRAFÍA:

Como complemento indispensable desta información por campos, ofrécese a biografía completa dos trovadores. As biografías procuran condensar toda a información da que se dispón sobre cada trovador. En principio, reproducen os textos que foran fixados para *LPGP*. As únicas innovacións obedecen ás lóxicas correccións de erros detectados e a algunhas modificacións que se consideraron pertinentes.

### **3. O SISTEMA DE ACCESO VÍA WORLD WIDE WEB**

O sistema de acceso á base de datos MedDB 2.0 vía World Wide Web é moi intuitivo. No “*Manual de usuarios das Bases de Datos en liña*” e na axuda en liña no propio contorno de consultas poderemos atopar máis información que a aquí incluída.

- O sistema permite facer buscas por calquera dos campos de cada táboa, empregando cadeas de caracteres, números, listas de valores, caracteres comodíns, etc.
- Dispón dunha grande variedade de operadores “booleanos” e textuais, permitindo especificar se debe atopar todos ou só algún dos valores de busca, e tamén se estes deben estar en orde ou non.
- O resultado pode ser ordenado por calquera dos campos de xeito descendente, así como por número de referencias atopadas en cada documento.

A continuación damos unha serie de apuntes sobre algúns aspectos que poderían crear confusión ou que son específicos para esta base de datos.

#### **3.1. Pantalla de consultas.**

A pantalla de consultas permite facer buscas na base de datos, presentando unha versión resumida do conxunto de resultados en forma de táboa con paxinación. A pantalla de consultas presenta tres rexións:

-Buscas: panel de construción de consultas.

A rexión Buscas contén elementos que nos permiten extraer da base de datos aqueles rexistros que nos interesan. Varía con cada táboa, pero sempre se conta con algo

interactivo (listas de operadores, caixas para escribir valores, etc.). Para cada campo de busca pode aparecer:

- Unha lista de valores onde escoller o **operador** que queiramos utilizar para comparar o noso valor de busca co valor do campo na base de datos (igual, menor, maior, anterior, no rango, etc.). Se o campo é un documento, os operadores textuais pódense incluír xunto cos valores de busca, e de existir unha lista, adoita restrinxir a busca a determinadas porcións do documento.

- Unha caixa de introducción do valor ou valores que queiramos buscar. Dependendo do tipo do campo deberemos introducir número, datas, cadeas de caracteres ou frases.

Se introducimos valores de busca para varios campos á vez, debemos escoller o conector oportuno decidindo se os resultados deben cumprir todas as condicións ou chega con que cumpran algunha delas.

Ademáis:

- O botón **[Reiniciar]** limpa calquera valor introducido.
- O botón **[Buscar]** executa a consulta introducida e constrúe o conxunto de resultados.

- **Filtros:** panel de construción de filtros.

Esta rexión permite restrinxir o conxunto de resultados sobre os que se fará a busca. Se seleccionamos algún valor na lista asociada a un campo, unicamente os rexistros que teñan ese valor no campo participarán na busca de valores do panel **Buscas**. Naqueles filtros baseados en cadros para marcar, só participarán na busca aqueles rexistros cuxo valor estea seleccionado.

- **Resultados:** visualización resumida do conxunto de resultados.



O panel de resultados mostra unha versión resumida do conxunto de resultados que se axusta aos criterios de busca e aos filtros introducidos. Os resultados preséntanse en formato tabular paxinado, con controis para avanzar ou retroceder nas páxinas. Na táboa inclúese un ou varios campos por cada rexistro que nos axudan a identificalo. O enlace incluído por cada rexistro permítenos ver o seu contido completo.